

Boa Vida brinda atención integral a persoas en risco de exclusión

Tres tendas solidarias e varios programas e itinerarios de integración social son os medios que usa esta ONG para loitar contra a pobreza dende hai máis dunha década

► TEXTO: REDACCIÓN
FOTOS: G.GARCÍA

A asociación pontevedresa Boa Vida brinda atención integral a persoas en situación de pobreza ou risco de exclusión. Un labor que Boa Vida ven realizando dende hai xa dez anos baseado en tres piares filosóficos (que comparte co movemento Internacional Traperos de Emaús do que forma parte) e que son a solidariedade cos que máis sofren, o dereito a vivir do traballo e a loita contra as causas que producen pobreza.

Para levar a práctica estes valores, Boa Vida desenvolve dúas grandes actividades: a venda de roupa reciclada e de segunda man nas súas tendas solidarias e o acompañamento social, información, asesoramento e formación dende a oficina de dereitos e deberes sociais, con programas e itinerarios de integración social e laboral para toda a cidadanía.

Nas tendas solidarias de Santa Clara, 35 e A Seca, 3 (Pontevedra) e San Roque, 11 (Vilagarcía), a entidade cumpre coa máxima do fundador do Movemento Traperos de Emaús, Abbé Pierre, de que «os aparentemente inútiles, co aparentemente inútil, facemos cousas útiles para nós, para á sociedade e para o medio ambiente».

Concretamente, o labor de Boa Vida consiste en recibir e ir buscar produtos que a xente xa non precisa nas casas e empresas (roupa, libros, bisutería, baixelas, mobles, xoguetes, ...) seleccionar eses artigos e preparalos para un segundo uso, coa súa posta á venda. Grazas a estas actividades, as persoas que están fora do mercado laboral atopan unha oportunidade de formarse e recibir uns ingresos ao tempo que o medioambiente agradece a redución de lixo.

En 2022, Boa Vida recolleu 10 toneladas de produtos que, doutro xeito irían ao lixo, un proceso laborioso (incluída a customización e fabricación no atelier téxtil) que so é posible grazas as doazóns da cidadanía pontevedresa que, cada día, facilita eses produtos e tamén vai a mercaos, contribuíndo con estes xestos a xerar unha eco-



Sobre estas liñas, varias imaxes das tendas solidarias da Asociación Boa Vida Pontevedra.

De qué forma poderían axudar as empresas nos proxectos da Asociación Boa Vida?

As empresas poden colaborar con Boa Vida incorporando produtos de segunda man na súa cesta de Nadal (corbatas, pendentes, bolsos e os fabricados no atelier). Tamén poden fomentar a participación dos seus traballadores no voluntariado de Boa Vida, facilitar a colaboración dos talentos das súas empresas no

diseño de campañas e actividades solidarias, brindando apoio informático, alugando a baixo prezo materiais precisos e facilitando prácticas non laborais a persoas que buscan emprego. Outra vía de colaboración é informar aos seus traballadores no mail, redes sociais e nos medios internos das empresas para que coñezan e promovan as doazóns a Boa Vida, entre as súas plantillas. Boa Vida solicita desenvolver convenios coas empresas para o beneficio xeral de empresariado e traballadores e traballadoras, con descontos, doazóns, entregas de material a Boa Vida e viceversa.

nomía circular máis respectuosa co planeta.

A outra actividade de Boa Vida, mais silenciosa e menos visible é o acompañamento social. Dende a súa Oficina de Dereitos e Deberes

A CAMPAÑA 'COÑECES O VALOR DA COMUNIDADE DE BOA VIDA?' VALORIZA AS ACCIÓNS COMUNITARIAS NO PROPIO ENTORNO

Sociais, Boa Vida realiza actividades de información, asesoramento e formación. Cada persoa pode escoller unha entrevista de orien-

tación sobre axudas sociais, busca de emprego, redución da pobreza relacional, ou comprometerse a realizar un itinerario personalizado (con entrevistas e actividades durante seis meses).

O grupo de busca de emprego que se reúne os martes aporta ferramentas de mellora persoal con técnicas de autoconecemento, relaxación, clases de galego e castelán para inmigrantes e cultivo de alimentos na horta comunitaria. Por outra parte, os grupos mensuais organizan actividades de formación para a mellora da empregabilidade (manitas, manipulador de alimentos, actividades agrícolas, limpeza ou atención en punto de venda).

Asemade, Boa Vida promove o uso compartido da vivenda (que da un paso máis no afamado cohousing) para permanecer nela ata o final dos seus días conciliando a calidade de vida coa herdanza familiar. As actividades da Oficina de Dereitos e Deberes Sociais de Boa Vida son financiadas pola Xunta a través do Fondo Social Europeo, nun 90%. O 10% restante depende das doazóns e achegas das administracións locais.

Boa Vida ven de iniciar a campaña «Coñeces o valor da comunidade de Boa Vida?», que convida a cidadanía a levar ás súas tendas solidarias o que xa non precisan na casa, facer doazóns económica e solicitar un cartel para a súa comunidade de veciños, amigos ou centro de traballo. O obxectivo da campaña é aportar valor as accións comunitarias no propio entorno, mercando no comercio local e contribuíndo ós impostos comúns que sosteñen as pensións, a sanidade e a educación. Esta campaña concluirá o 17 de novembro co Día Internacional de Loita contra a Pobreza no que se informará dos fondos recadados. Boa Vida agarda recadar 25.200 euros (cunha participación estimada de 360 persoas con doazóns entre 2 e 70 ómes), para mellorar a súa autonomía e seren menos dependentes das subvencións fortalecendo os servizos prestados, algúns dos cales se verían comprometidos sen esas achegas.

COMPROMISO SOCIAL

construccionesramirez.com

RAMÍREZ
CONSTRUCCIONES